

### MONOGRÁFICO

#### **CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE: UNHA ACREDITACIÓN OFICIAL E CON VALIDEZ NACIONAL DA TÚA CUALIFICACIÓN PROFESIONAL**

A obtención dun certificado de profesionalidade estase a converter nestes últimos tempos nun dos temas que máis preguntas e aclaracións demanda, posiblemente pola información que nalgúns casos de forma errónea ou confusa se facilita desde múltiples frontes.

Os certificados de profesionalidade non son un título académico, senón que acreditan os coñecementos ou as habilidades necesarias para desempeñar o traballo recoñecido por cada unha das cualificacións recollidas no Catálogo nacional de cualificacións profesionais. O seu fin fundamental é facilitar unha acreditación oficial que certifica que a persoa que o posúe ten os coñecementos e as habilidades para desenvolver unha actividade laboral determinada, é dicir, está cualificada.

Ten carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, aínda que non é equivalente a un título de formación profesional, o que si nos permitirá, se queremos continuar a nosa formación e obter un título de FP, é que unha vez que nos matriculemos no ciclo formativo non ter que volver a cursar os módulos xa superados co certificado de profesionalidade; é dicir, prodúcese unha validación das unidades de competencia do certificado de profesionalidade e os módulos profesionais do ciclo formativo.

Por iso intentaremos aclarar o procedemento que ten que seguir unha persoa que queira obter un certificado de profesionalidade. Para obter un certificado de profesionalidade existen dúas vías:

• **Vía a través da formación:** procesos formativos xestionados na nosa comunidade autónoma a través da Dirección Xeral de Emprego e Formación da Consellería de Traballo e Benestar cuxo contido está explicitamente deseñado nun programa formativo que conduce á obtención dun certificado de profesionalidade. A formación asociada a estes certificados de profesionalidade é impartida por entidades formadoras acreditadas pola Consellería de Traballo e Benestar.

• **Vía da experiencia laboral e/ou aprendizaxes non formais:** RD 1224/2009, que determina o procedemento para a avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación. É dicir, este procedemento recoñece os cursos non formais que os axentes sociais, empresas e outras entidades impartiron, así como a experiencia ao longo dos anos.



## 1 | Vía Formativa

A través da superación de todos os módulos formativos asociados ao certificado de profesionalidade correspondente.

### *REQUISITOS PARA OBTEN UN CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE POLA VÍA FORMATIVA*

---

Para obter un certificado de profesionalidade por esta vía teranse que cumprir os seguintes requisitos:

- A entidade de formación que os imparte ten que estar debidamente acreditada pola Dirección Xeral de Emprego e Formación da Consellería de Traballo e Benestar. *Pulse [aquí](#) para ver as entidades de formación acreditadas.*
- Pero non soamente o centro ten que estar acreditado, senón que tamén debe estar autorizado o curso.

Ata este ano 2014, estas formacións tíñanse que cursar en modalidade presencial a través de entidades debidamente acreditadas. Pero, aínda que a entidade de formación estivese acreditada para impartir un determinado certificado de profesionalidade, a formación impartida soamente era conducente á obtención do certificado se se executaba ao amparo das citadas convocatorias.

No mes marzo de 2013 aprobouse un Real decreto (RD 189/2013, do 15 de marzo) que abre a posibilidade á impartición por iniciativa privada. Na nosa comunidade autónoma publicouse a normativa que regula esta posibilidade a través da Orde de 30 de xaneiro de 2014 ( DOG nº 7 do 7/02/2014 ).

- Que o alumnado teña uns determinados requisitos de acceso á formación de certificados de profesionalidade:
  - Nivel 1:** ao alumnado que acceda ás accións de formación dos certificados de profesionalidade de nivel 1 de cualificación non se lle exixirá requisitos académicos nin profesionais.
  - Niveis 2 e 3:** para acceder á formación dos módulos formativos dos certificados de profesionalidade dos niveis de cualificación profesional 2 e 3 as alumnas e alumnos deberán cumprir algún dos requisitos seguintes:

## REQUISITOS DOS ALUMNOS:

- Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para o nivel 2 ou título de bacharel para o nivel 3.
- Estar en posesión dun certificado de profesionalidade do mesmo nivel do módulo ou módulos formativos e/ou do certificado de profesionalidade ao que desexa acceder.
- Estar en posesión dun certificado de profesionalidade do nivel 1 da mesma familia e área profesional para o nivel 2 ou dun certificado de profesionalidade de nivel 2 da mesma familia e área profesional para o nivel 3.
- Cumprir o requisito académico de acceso aos ciclos formativos de grao medio para o nivel 2 ou de grao superior para o nivel 3, ou ben ter superado as correspondentes probas de acceso reguladas polas administracións educativas.
- Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos e/ou de 45 anos.
- Ter as competencias clave necesarias de matemáticas, de lingua castelá e de lingua galega, no nivel que corresponda. [Pulse aquí para acceder á información sobre competencias clave](#)

*É importante resaltar que, cando imos realizar unha formación conducente a un certificado de profesionalidade, se debe verificar que o alumnado reúne os requisitos académicos de acceso, que o centro está acreditado e o curso autorizado pola Dirección Xeral de Emprego e Formación da Consellería de Traballo e Benestar. É necesario evitar sorpresas e situacións que incorran na circunstancia de que unha vez finalizado o curso esta formación non permita obter directamente o certificado de profesionalidade que se pretendía conseguir.*

A oferta formativa dirixida á obtención dun certificado de profesionalidade pódese realizar ben pola totalidade dos módulos formativos asociados ao certificado, ou ben por módulos formativos asociados a cada unha das unidades de competencia que comprenden o certificado de profesionalidade, ofertados de modo independente, para favorecer a acreditación das ditas unidades. Sen embargo só se poderá solicitar a expedición dun certificado de profesionalidade cando se teñan superado con avaliación positiva todos os módulos formativos e o módulo de prácticas que configuran un certificado de profesionalidade.

O actual catálogo de certificados de profesionalidade, ten un total de 587 certificados de profesionalidade dos que, a partir de agora, 310 se poden impartir, a raíz do citado real decreto, en modalidade de teleformación, total ou parcialmente, segundo cada caso. Todos os certificados de profesionalidade pódense impartir na modalidade presencial.

*Actualmente na nosa comunidade autónoma non se autorizan cursos nesta modalidade de teleformación para persoas desempregadas e só se autoriza un número moi reducido de cursos para persoas ocupadas.*

## ACCÍONS FORMATIVAS QUE PERMITEN CONSEGUIR UN CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE

- Realizando con avaliacións positivas todos os módulos formativos e o módulo de prácticas dalgún dos *Cursos de formación para o emprego*, tanto para persoas desempregadas como para ocupadas que configuran un certificado de profesionalidade.

Cada ano sae a oferta global dos cursos que a Dirección Xeral de Emprego e Formación realizará ao longo do ano. Podes consultala na oficina de emprego máis próxima ao teu domicilio ou dentro do apartado de Formación e Cualificacións na web da Consellería de Traballo e Benestar, en concreto:

- Formación para o emprego para **desempregados**. [Pinche aquí](#)
- Formación para o emprego para **ocupados**. [Pinche aquí](#).
- 

- Realizando cursos de formación en alternancia con períodos de traballo en empresas cuxa actividade se corresponda cos módulos formativos asociados ás unidades de competencia dos certificados profesionais. Aquí entrarían a formación dos *contratos para a formación* e a formación das *Escola Taller e Obradoiros de Emprego*. [Pinche aquí](#)
  - As escolas taller son centros de traballo e formación nos que mozos/as desempregados/as, con idades entre 16 e 24 anos, reciben formación profesional para o emprego en alternancia coa práctica profesional.
  - Os obradoiros de emprego diríxense a persoas desempregadas de 25 anos ou máis.
- Realizando con éxito un *Programa de cualificación profesional inicial* (PCPI), xestionado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; dirixido a **mozos/as con idades entre 16 a 21 anos** sen o Graduado en ESO nin titulación algunha de formación profesional. A formación, dun ano de duración, consta de tres módulos (voluntarios, obrigatorios formativos de carácter xeral e obrigatorios específicos).
  - Se se superan os **módulos obrigatorios específicos**, recíbese unha certificación académica expedida pola administración educativa de nivel 1 de cualificación coa que poderías solicitar o certificado de profesionalidade correspondente.
  - Para realizar un PCPI (tanto os módulos voluntarios como os obrigatorios), deberás preinscribirte nos centros educativos que figuran na [web da](#) Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. [Pulse aquí](#).

Para consultar o Repertorio de certificados de profesionalidade

[Pulse Aquí](#)

## Procedemento para a expedición dun certificado de profesionalidade

A súa resolución, expedición e rexistro en Galicia corresponde ao Instituto Galego das Cualificacións, que lles outorga carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

A información sobre a documentación que debe presentarse e o modelo de solicitude dun certificado de profesionalidade está dispoñible na seguinte ligazón. [Pulse aquí.](#)

## Entrega do certificado de profesionalidade

Unha vez que a persoa solicita un certificado de profesionalidade o Instituto Galego das Cualificacións, nun prazo de 2 meses, notifícalle, por carta ao seu domicilio se ten dereito ou non á súa expedición e no momento no que o certificado de profesionalidade está dispoñible, comunícase ao interesado/a o lugar onde pode pasar a recollelo.

Cadro co número de certificados de profesionalidade **expedidos e rexistrados** por familia profesional a data 31 de decembro de 2013 pola vía de formación:

| FAMILIA PROFESIONAL              | Nº CERTIFICADO EXPEDIDOS |
|----------------------------------|--------------------------|
| ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS | 23                       |
| ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN         | 4.589                    |
| AGRARIA                          | 1.803                    |
| ARTES GRÁFICAS                   | 14                       |
| ARTES E ARTESANÍAS               | 25                       |
| COMERCIO E MARKETING             | 773                      |
| EDIFICACIÓN E OBRA CIVIL         | 972                      |
| ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA      | 754                      |
| ENERXÍA E AUGA                   | 892                      |
| FABRICACIÓN MECÁNICA             | 826                      |
| HOSTALARÍA E TURISMO             | 1.881                    |
| IMAXE PERSOAL                    | 195                      |
| IMAXE E SON                      | 62                       |

| FAMILIA PROFESIONAL                    | Nº CERTIFICADO EXPEDIDOS |
|----------------------------------------|--------------------------|
| INDUSTRIAS ALIMENTARIAS                | 148                      |
| INDUSTRIAS EXTRACTIVAS                 | 4                        |
| INFORMÁTICA E COMUNICACIÓNS            | 421                      |
| INSTALACIÓN E MANTEMENTO               | 296                      |
| MADEIRA, MOBLE E CORTIZA               | 921                      |
| MARÍTIMO PESQUEIRA                     | 250                      |
| QUÍMICA                                | 36                       |
| SANIDADE                               | 18                       |
| SEGURIDADE E MEDIO AMBIENTE            | 21                       |
| SERVIZOS SOCIOCULTURAIS E Á COMUNIDADE | 9.907                    |
| TÉXTIL, CONFECCIÓN E PEL               | 111                      |
| TRANSPORTE E MANTEMENTO DE VEHÍCULOS   | 523                      |

**TOTAL DE CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE EXPEDIDOS**

**25.465**

## 2 | Vía experiencia

En España hai miles de persoas que posúen coñecementos e capacidades profesionais que adquiriron a través do seu traballo ou mediante cursos de formación sen un recoñecemento de carácter oficial; estas persoas aplican estas capacidades diariamente na súa vida laboral ou persoal, pero carecen dun certificado de profesionalidade que lles recoñeza.

A estas persoas cando acoden á formación para o emprego para obter un certificado, exíxeselles, en moitos casos, “aprender de novo” o que xa saben. Isto trae consigo unha desmotivación e abandono do intento, e para aquelas que persisten, unha sensación de perda de tempo e esforzo, ademais dun gran sacrificio.

Para facilitar a estas persoas, que carecen de cualificación recoñecida, a súa formación permanente e evitar a súa desmotivación a seguir aprendendo e, pola súa vez, que encontren un recoñecemento e impulso para incrementar a súa cualificación profesional, establécese o procedemento para a avaliación e acreditación de competencias profesionais, adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación, co obxectivo de que o recoñecemento das súas capacidades, lles axude a mellorar a súa situación laboral.

Para saber que é o que se recoñece mediante o procedemento, hai que deixar claro que o que se recoñece e acredita son unidades de competencias profesionais, non módulos formativos, que despois de superar esas unidades de competencia e de corresponderse con todas as unidades de competencia recollidas nun certificado de profesionalidade, o Instituto Galego das Cualificacións expedirá o correspondente certificado de profesionalidade.

### *Procedemento de recoñecemento das competencias profesionais ( rExp )*



É un conxunto de actuacións dirixidas a avaliar e recoñecer as competencias adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación.

Todos os anos se convoca o procedemento a través de convocatoria publicada no DOG na que se indica o prazo de inscrición, modo de realización, requisitos das persoas candidatas, documentación que se debe presentar e taxas correspondentes.

O órgano encargado da xestión e desenvolvemento é o Instituto Galego das Cualificacións.

Debemos aclarar que, se ben, como dicíamos anteriormente, actualmente existen 587 certificados de profesionalidade que poderían convocarse a través deste procedemento, a Administración non convoca todos, polo que sempre é necesario esperar á publicación da convocatoria para informarse sobre cales son obxecto de convocatoria.

Para acceder á páxina que recolle toda a información sobre o procedemento de recoñecemento da competencia profesional (rExp) [Pulse Aquí](#).

## Requisitos de participación

---

Ter experiencia laboral ou formación relacionada coas competencias profesionais que se queren acreditar:

1. *No caso de experiencia laboral.* Xustificar, cando menos 3 anos, cun mínimo de 2.000 horas traballadas en total, nos últimos 10 anos transcorridos antes de realizarse a convocatoria. Os documentos para acreditar esa experiencia laboral serán, en termos xerais, certificados da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e copias compulsadas dos contratos de traballo.

2. *No caso de formación.* Xustificar, polo menos 300 horas, nos últimos 10 anos transcorridos antes de realizarse a convocatoria.

É importante resaltar que neste procedemento non se exige ningún requisito académico para conseguir un certificado de profesionalidade.

## Duración

---

Ten unha duración aproximada de 5 meses, aínda que se poden establecer prazos maiores na convocatoria.

## Fases do rEXp

---

Este procedemento consta de **tres fases distintas**:

1. **Asesoramento**, que será obrigatorio. Revisase a documentación achegada pola persoa candidata sobre o seu historial profesional e formativo e un/unha asesor/a axudará a completalo se é necesario. Emitirase un informe orientativo coa valoración do/a asesor/a sobre a conveniencia de que se pase á 2ª fase.

2. **Avaliación da competencia profesional.** A comisión de avaliación analizará o informe do/a asesor/a e a documentación achegada polo aspirante. Cando na fase de avaliación se comprobe que as evidencias non son suficientes, poderanse realizar probas eminentemente prácticas sobre as actividades de traballo que se recollen nese certificado de profesionalidade.

3. **Acreditación.** Tras a última fase, ás persoas candidatas que superen o proceso de avaliación expediráselles unha acreditación de cada unha das unidades de competencia nas que demostrasen a súa competencia e asesoraranse sobre as posibilidades de continuar a súa aprendizaxe ao longo vida.

Queremos ofrecer unha información relativa ás convocatorias do procedemento de recoñecemento da experiencia laboral que desde o ano 2011 se levan a cabo na nosa comunidade autónoma a través da Consellería de Traballo e Benestar.

| NORMATIVA AUTONÓMICA                                                           | CONVOCATORIA CUALIFICACIÓNS                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             | Nº PRAZAS/<br>PERSOAS |
|--------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------|
| <b>Resolución do 17 de marzo de 2011</b><br><b>DOG nº61 do 28-03-2011</b>      | <ul style="list-style-type: none"> <li>Atención sociosanitaria a persoas no domicilio (500)</li> <li>Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (300)</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                             | Total :800 prazas     |
| <b>Resolución do 23 de novembro de 2011</b><br><b>DOG nº 229 do 30-11-2011</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Atención sociosanitaria a persoas no domicilio (1000)</li> <li>Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (1000)</li> <li>Confección e mantemento de artes e aparellos (200)</li> <li>Fabricación e montaxe de instalacións de tubaxe industrial (150)</li> <li>Operacións básicas de restaurante bar (100)</li> </ul>                                                                | Total :2.450 prazas   |
| <b>Resolución do 15 de marzo de 2012</b><br><b>DOG nº59 do 26-03-2012</b>      | <ul style="list-style-type: none"> <li>Cubertas inclinadas (50)</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              | Total :50 prazas      |
| <b>Resolución do 12 de novembro de 2012</b><br><b>DOG nº 219 do 16-11-2012</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Atención sociosanitaria a persoas no domicilio (989)</li> <li>Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (502)</li> <li>Información xuvenil (100)</li> <li>Confección e mantemento de artes e aparellos (200)</li> <li>Servizos para o control de pragas (200)</li> <li>Socorrismo en instalacións acuáticas (200)</li> <li>Socorrismo en espazos acuáticos naturais (200)</li> </ul> | Total :2.391 prazas   |
| <b>Resolución do 5 de xullo de 2013</b><br><b>DOG nº133 do 15-07-2013</b>      | <ul style="list-style-type: none"> <li>Fabricación e montaxe de instalacións de tubaxe industrial (32)</li> <li>Soldadura (58)</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                                               | Total: 90 prazas      |
| <b>Resolución do 6 de novembro de 2013</b><br><b>DOG nº 216 do 12-11-2013</b>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Atención sociosanitaria a persoas no domicilio (500)</li> <li>Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (500)</li> <li>Información xuvenil (100)</li> <li>Servizos para o control de pragas (100).</li> <li>Socorrismo en instalacións acuáticas (300)</li> <li>Socorrismo en espazos acuáticos naturais (300)</li> </ul>                                                            | Total: 1.800 prazas   |



Entre estas 6 resolucións convocáronse **un total de 7.581 prazas e 25.687 UC convocadas.**

Para levar a cabo este procedemento o Instituto Galego das Cualificacións debe contar cun cadro de profesionais que realicen as funcións de asesoramento e avaliación neste procedemento. Tense realizado cinco edicións dun curso de formación específica *“Habilitación para asesores/as e avaliadores/as do procedemento de avaliación e acreditación de competencias profesionais”* destinados a dar formación aos profesionais nas diferentes cualificacións profesionais que se convocan. Estes cursos teñen unha duración de 75 horas cada un, en modalidade semipresencial e cunha avaliación final de carácter presencial.

Distribución de asesores/as e avaliadores/as habilitados/as por cualificación profesional:

| Cualificación profesional                                                                                                                                                       | Asesores/as | Avaliadores/as |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------|----------------|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>Atención sociosanitaria a persoas no domicilio</li> <li>Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais</li> </ul> | 67          | 71             |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>Confección e mantemento de artes e aparellos</li> </ul>                                                                                  | 8           | 10             |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>Fabricación e montaxe de instalacións de tubaxe industrial</li> </ul>                                                                    | 10          | 11             |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>Soldadura</li> </ul>                                                                                                                     | 6           | 7              |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>Operacións básicas de restaurante e bar</li> </ul>                                                                                       | 3           | 5              |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>Cubertas inclinadas</li> </ul>                                                                                                           | 4           | 8              |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>Servizos para o control de pragas</li> </ul>                                                                                             | 18          | 16             |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>Socorrismo en instalacións acuáticas</li> <li>Socorrismo en espazos acuáticos naturais</li> </ul>                                        | 11          | 12             |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>Información xuvenil</li> </ul>                                                                                                           | 6           | 6              |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>TOTAL</li> </ul>                                                                                                                         | 133         | 146            |

## CADRO RESUMO DE TODAS AS CONVOCATORIAS

| Número de candidatos/as                                               |              |               |                  |                |                                  |                                                   |               |
|-----------------------------------------------------------------------|--------------|---------------|------------------|----------------|----------------------------------|---------------------------------------------------|---------------|
| Certificado-Cualificación / Convocatorias                             | Prazas       | Solicitudes   | Seleccionados/as | Presentados/as | Certificados de profesionalidade | Acreditacións parciais de unidades de competencia | Non Acreditan |
| Atención sociosanitaria a persoas no domicilio                        | 2989         | 7510          | 2511             | 2250           | 1889                             | 322                                               | 48            |
| Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais | 2302         | 5893          | 1836             | 1661           | 1269                             | 354                                               | 47            |
| Confección e mantemento de artes e aparellos                          | 400          | 285           | 260              | 251            | 243                              | 1                                                 | 7             |
| Fabricación e montaxe de instalacións de tubaxe industrial            | 182          | 116           | 53               | 42             | 36                               | 6                                                 | 0             |
| Operacións básicas de restaurante e bar                               | 100          | 141           | 92               | 73             | 73                               | 0                                                 | 0             |
| Cubertas inclinadas                                                   | 50           | 58            | 38               | 36             | 33                               | 3                                                 | 0             |
| Servizos para o control de pragas                                     | 300          | 264           | 85               | 81             | 75                               | 2                                                 | 4             |
| Socorrismo en instalacións acuáticas                                  | 500          | 857           | 201              | 179            | 157                              | 22                                                | 0             |
| Socorrismo en espazos acuáticos naturais                              | 500          | 656           | 199              | 166            | 145                              | 21                                                | 0             |
| Información xuvenil                                                   | 200          | 260           | 100              | 94             | 87                               | 7                                                 | 0             |
| Soldadura                                                             | 58           | 71            | 66               | 44             | 34                               | 9                                                 | 1             |
| <b>TOTAIS</b>                                                         | <b>7.581</b> | <b>16.111</b> | <b>5.441</b>     | <b>4.877</b>   | <b>4.041</b>                     | <b>747</b>                                        | <b>107</b>    |

Data de actualización 31/12/2013

## TOTAL CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE EXPEDIDOS A 31/12/2013

| FAMILIA PROFESIONAL                    | Nº CERTIFICADO EXPEDIDOS POR FORMACIÓN | Nº CERTIFICADO EXPEDIDOS<br>POR REXP |
|----------------------------------------|----------------------------------------|--------------------------------------|
| ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS       | 23                                     | 302                                  |
| ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN               | 4.589                                  |                                      |
| AGRARIA                                | 1.803                                  |                                      |
| ARTES GRÁFICAS                         | 14                                     |                                      |
| ARTES E ARTESANÍAS                     | 25                                     |                                      |
| COMERCIO E MARKETING                   | 773                                    |                                      |
| EDIFICACIÓN E OBRA CIVIL               | 972                                    | 33                                   |
| ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA            | 754                                    |                                      |
| ENERXÍA E AUGA                         | 892                                    |                                      |
| FABRICACIÓN MECÁNICA                   | 826                                    | 70                                   |
| HOSTALARÍA E TURISMO                   | 1.881                                  | 73                                   |
| IMAXE PERSOAL                          | 195                                    |                                      |
| IMAXE E SON                            | 62                                     |                                      |
| INDUSTRIAS ALIMENTARIAS                | 148                                    |                                      |
| INDUSTRIAS EXTRACTIVAS                 | 4                                      |                                      |
| INFORMÁTICA E COMUNICACIÓNS            | 421                                    |                                      |
| INSTALACIÓN E MANTEMENTO               | 296                                    |                                      |
| MADEIRA, MOBLE E CORTIZA               | 921                                    |                                      |
| MARÍTIMO PESQUEIRA                     | 250                                    | 243                                  |
| QUÍMICA                                | 36                                     |                                      |
| SANIDADE                               | 18                                     |                                      |
| SEGURIDADE E MEDIO AMBIENTE            | 21                                     | 75                                   |
| SERVIZOS SOCIOCULTURAIS E Á COMUNIDADE | 9.907                                  | 3158                                 |
| TÉXTIL, CONFECCIÓN E PEL               | 111                                    |                                      |
| TRANSPORTE E MANTEMENTO DE VEHÍCULOS   | 523                                    |                                      |

Data actualización 31/12/2013

Por último, será frecuente que as persoas combinen as acreditacións que poidan adquirir a través do mencionado procedemento de recoñecemento das competencias profesionais con aquelas que acrediten mediante formación, de tal forma que, no seu conxunto, acrediten a totalidade das unidades de competencia dunha cualificación e, por conseguinte, poderase solicitar o correspondente certificado de profesionalidade.



# Boletín do Instituto Galego das Cualificacións

